

MEMORIA-INFORME PARA TRAMITAR UN CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O INSTITUTO GALEGO DE ESTATÍSTICA E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS CURRICULARES OU EXTRACURRICULARES DOS/AS ESTUDANTES DA FACULTADE DE CIENCIAS ECONÓMICAS E EMPRESARIAIS

Ref.: 20TX/mmo

Expt.: 2020/ NG03

ANTECEDENTES E RAZÓNS DE OPORTUNIDADE

A Universidade de Santiago de Compostela (USC) ten como principal obxectivo prestar o servizo público de educación superior, realizando actividades de docencia e investigación. No seu ámbito, a Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais ten especial interese en potenciar as actividades de formación, especialización e prácticas en temas relacionados coa economía e co mundo empresarial, cara a unha futura inserción laboral do seu alumnado.

Por outra banda, de acordo coa Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico e co Decreto 60/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o Estatuto do Instituto Galego de Estatística (IGE), entre as funcións encomendadas ao IGE nos seus Plans anuais de actuación figuran, dentro do apartado de “Cursos, seminarios e outras actividades formativas e divulgativas” as “Prácticas de alumnos das universidades galegas”. Todo isto en coherencia coa Lei 9/1988, do 19 de xullo, de estatística de Galicia e como actuacións complementarias ás reguladas pola Lei 15/2016, do 28 de xullo, do Plan galego de estatística 2017-2021 e recollidas nos Programas estatísticos anuais que o desenvolven.

Polo exposto, parece conveniente subscribir un convenio de colaboración entre ambas entidades, para proporcionar aos/ás alumnos/as da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais, a posibilidade de realizar prácticas tuteladas no IGE.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS:

- Que dentro da Secretaría Xeral, o Servizo Técnico Xurídico e de Contratación, segundo o Decreto 60/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o Estatuto do Instituto Galego de Estatística (IGE), asume o impulso e a tramitación administrativa do expediente.





- Que deberá solicitarse á Asesoría Xurídica da Consellería de Facenda un informe previo sobre o proxecto deste convenio de colaboración entre o IGE e a USC.
- Que, ao se tratar dun convenio sen achega ou obriga económica algunha, non se considera necesaria a súa fiscalización pola Intervención xeral ou delegada.
- Ao non ter orzamento económico, tampouco cómpre aplicar a instrución segunda do Acordo do 29 de xuño de 2000 da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, polo que se ditan instrucións para coordinar as achegas económicas da Xunta ás universidades galegas, relativo á solicitude de informe á Dirección Xeral de Universidades.
- Que é aplicable o establecido nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015 de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público que conforman o capítulo VI “Dos convenios” dentro do título preliminar.
- Tamén é aplicable o establecido no artigo 5 do Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios que celebre a Xunta de Galicia, organismos autónomos e entes de dereito público dependentes dela con outras administracións ou entes de dereito público ou privado, polo que se remitirá copia compulsada do texto do convenio.

Santiago de Compostela, 18 de febreiro de 2020

A xefa do Servizo Técnico Xurídico e de Contratación

Mónica Martínez Otero

A Secretaria xeral

Rosa E. Fernández González

